

Movimentos de renovación pedagógica

Despois de ano e medio de traballo precongresual, 400 profesionais de todo o Estado xuntáronse en Gandía (Valencia) para actualiza-la súa reflexión sobre a Alternativa pola Escola Pública, discutir sobre o novo marco curricular e redefinir os obxectivos dos Movimentos de Renovación Pedagóxica (MRP).

Este segundo Congreso foi organizado pola Mesa Estatal de Coordinación dos MRP e pola "Federación de MRP del País Valenciá", ocupándose, admirablemente, o "Grupo de Mestres de la Safor" de tódalas cuestións infraestructurais.

Os participantes, pertencentes a 75 movementos de renovación pedagóxica, discutiron durante 50 horas de intensos debates sobre un documento-base, elaborado no mes de febreiro pasado, a partir das 89 ponencias presentadas polos diferentes colectivos.

Os traballos xiraron ó redor de tres grandes bloques: I: Os MRP e a Alternativa pola Escola Pública; II: O curriculum e a renovación pedagóxica e III: Os Movimentos de Renovación Pedagóxica.

A redefinición da escola pública

A polémica sobre a redefinición da Alternativa pola Escola Pública centrou os debates do Congreso. A ampliación da súa definición, engadíndolle o termo popular, foi posposta polo momento, propoñéndose que esta discusión se realice en tódolos colectivos nos vindeiros anos.

A ninguén se lle ocultaba, entre os participantes no Congreso, que esta polémica agachaba dous posicionamentos verbo do que son os MRP: un, ancorado nun recente pasado resistencialista, de forte pureza ideoloxizante, e outro, cun rexistro máis imaxinativo e flexible, que trata de conecta-lo discurso teórico da renovación pedagóxica a da realidade específica dos MRP.

Nas conclusións do Congreso reactualizouse o concepto de escola pública, considerada como unha alternativa dinámica, ó abeiro das novas situacións sociais e das propias análises dos MRP. Este modelo escolar defínese como gratuito, pluralista, investigador, crítico, autoxestionado, que teña en conta a diversidade, coeducativo, de tronco e de corpo docente únicos, comprometida coas clases populares.

Tamén se prantexan como elementos deste modelo de escola pública, os recursos externos, humanos e materiais, tanto de infraestructura como de medios didácticos, á autonomía de xestión, as ratios axeitadas...

O curriculum e a renovación pedagóxica

O debate do curriculum, co teón de fondo da reforma educativa, centrou o debate do maior número de asistentes. Salientouse nas conclusións que para os MRP o curriculum é un proxecto cultural con capacidade transformadora da realidade individual e social. Un proxecto aberto para permiti-lo desenvolvemento dunha nova profesionalidade nas profesoras e profesoras pola reflexión e a acción.

Para os MRP o curriculum non ten unha entidade neutra e abstracta á marxe da realidade pluricultural e das contradicións que se dan na sociedade na que se instala. Subraíouse que o curriculum non debe ignora-lo conflito e ha de tomar postura sobre as formas de trata-lo coñecemento, comprometéndose diante das discriminacións de carácter socioeconómico, cultural, de xénero...

Resaltouse a importancia de elaborar proxectos curriculares como propostas colectivas de traballo na aula e que abran no centro un amplo campo de investigación e experimentación do equipo educativo.

Na discusión sobre o curriculum do ensino primario quedou aberta a polémica sobre a súa organización nunha etapa, subdividida en ciclos, ou nunha soa etapa sen ciclos. Sen embargo aprobouse unha resolución sobre a implantación do proceso de reforma, na que se solicita que o proceso de implantación debía basearse na xeralización das novas estruturas por ciclos.

Os movementos de renovación pedagóxica

O terceiro bloque do Congreso reflexionou sobre a redefinición do que son os movementos de renovación pedagóxica. Profundizouse na definición realizada no primeiro Congreso (Barcelona 1983), de considerar que os MRP forman parte dun movemento social, en confluencia con outros movementos sociais, que ten un campo propio, a renovación pedagóxica. Reiterouse que a tarefa prioritaria e permanente dos MRP é construír un modelo pedagóxico coherente coa Alternativa pola Escola Pública, por medio da reflexión e a acción.

Os MRP reclaman unha perspectiva pedagóxica no tratamento dos temas educativos, que ten un carácter propio e que debe recoñecerse como tal social e institucionalmente.

Sinaláronse como tarefas prioritarias dos MRP para os vindeiros anos, a reflexión e a acción sobre o reforzamento da conexión e organización interna das etapas 0-8 e 12-16, promover proxectos educativos nos centros acordes co modelo de Escola Pública e elaborar e avaliar proxectos curriculares.

Resolucións

No Congreso aprobáronse diferentes resolucións sobre coeducación, normalización lingüística, relixión (supresión desta asignatura no curriculum da reforma), implantación da reforma, escola rural e materiais curriculares.

Coda

Sen dúbida este segundo Congreso vai supór unha inflexión no desenvolvemento dos movementos de renovación pedagóxica, unha das plataformas máis innovadoras, plurais e creativas no eido do ensino.

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ
Presidente de NEG

Os MRP como movemento social

A consideración dos MRP como movemento social foron obxecto dun amplo debate no seo do III bloque, adicado ós movementos de renovación pedagóxica.

Os MRP consideran que a súa principal aportación ó enriquecemento do debate social sobre a educación é traballar a prol da creación e desenvolvemento dun amplo movemento social en favor da Escola Pública, colaborando con quen defenden este modelo escolar (APAS, Sindicatos de ensinantes e estudantes...).

Os MRP, ó prantexar unha alternativa crítica ó sistema escolar, a Alternativa pola Escola Pública, sustentada en propostas máis amplas e globais, poden enlaza-la súa tarefa co traballo doutros movementos sociais (obreiro, feminista, ecoloxista, de solidariedade co terceiro mundo, pacifista...). Nesta perspectiva os MRP deben intentar buscar formas de colaboración e traballo común con estes movementos.

O proxecto educativo

A elaboración de proxectos educativos de centro acordes co modelo de Escola Pública foi unha das maiores novidades na redefinición da Alternativa pola escola pública realizada polos MRP no seu segundo Congreso.

Os MRP apostan por impulsa-la elaboración de proxectos educativos de centro que xeneren procesos de reflexión e debate entre tódolos membros da Comunidade Educativa, para facer explícito o que se pretende, o que se fai e como se leva adiante.

Apostan pola necesidade de consensua-los elementos do proxecto educativo, e de chegar a acordos como medio de superación dos conflitos.

Aportando na elaboración dos proxectos educativos de centro (PEC), algúns dos elementos da súa Alternativa pola Escola Pública: a educación en valores como marco no que elaboralo PEC, co obxecto de formar persoas solidarias, críticas, felices e activas; a integración da diversidade; o prantexamento da educación intercultural; a normalización lingüística; a educación ambiental, do, sobre e en favor do medio; a adaptación á evolución do alumno e alumna para poder atendelo, analízalo e orientalo.



Actividades interdisciplinares sobre o Día dos Traballadores realizadas polos alumnos de 1º. de BUP do I.N.B. de Xinzo da Limia

Nun principio pode parecer contradictorio propoñer actividades sobre o 1º de Maio cando xa pasou; mas se o que se pretende é que os alumnos reflexionen sobre o Día dos Traballadores é mais lóxico, creo, face-la unha vez celebrado o 1º de Maio. Como podemos deducir o que se pretende é que os alumnos reflexionen sobre o Día Internacional do Traballo. Pero, como lograr o obxectivo marcado?

Nos días anteriores ao 1º de Maio explicamos na clase de Historia o tema do Movemento Obreiro, dende as súas orixens até a Revolución Soviética, deixando para os rapaces a cuestión do Movemento Obreiro hoxe. Como paso previo á elaboración por eles da súa parte do tema, e dado o entorno rural (A Limia) no que viven e cunha poboación adicada preferentemente á agricultura, temos que lles facer

ver que o Día do Traballo non afecta só aos obreiros e traballadores do Sector II, senon que é o Día de todos os Traballadores, sexa cal sexa a súa actividade. Por suposto que tamén insistimos no carácter internacional que ten iste día.

Que se lles pide aos alumnos?. Vamos dividir a clase en varios grupos aos que suministramos noticias e comentarios sobre o 1º de Maio recollidas de diferentes xornais (ABC, El País, Diario 16, La Región, La Voz de Galicia, El Faro de Orense). Cada grupo terá que lér todos os xornais e comentar entre os seus membros as noticias e, sobre todo, os artigos de opinión. Acto seguido, tras o debate interno que se producirá en cada grupo, van elaborar unha reflexión sobre o 1º de Maio basando-se no seguinte lema:

O Día internacional do Traballo como día que debería ser festivo e día ideal para, en base á unidade internacional dos traballadores, lograr a paz.

Pero o que nun principio iba ser unha actividade da clase de Historia vai-se converter nunha experiencia multidisciplinar gracias á colaboración dos compañeiros dos Seminarios de Debuxo, Lingua Española e Galego, polo que os rapaces nesas clases plasmarán plásticamente as súas ideas sobre o Día do Traballo, farán comentarios dos xornais, buscarán medios de expresar as súas ideas, etc.

Eiquí remata o noso traballo e comenza o dos rapaces, verdadeiros autores deste traballo.

GRUPO DE PROFESORES DE XINZO

Conclusiones do traballo de dous grupos "1º. de Maio"

"1º de Maio o día internacional do traballo coma día que debía ser festivo, e día ideal para que en base á unidade internacional, logra-la paz".

Día en que tódolos traballadores do mundo din as súas reivindicacións e as súas malas condicións laborais. Tamén mostran as malas situacións en que se atopan as clases obreiras non só no país senon na maioría do mundo xa que a clase dirixente asoballa ás clases inferiores, neste caso os obreiros; non da mesma forma que facían antigamente, se non que o fan no soldo e nas condicións laborais. Vese claramente este predominio da clase dirixente e a forza que opón os sindicatos, xa que estes téñense que unir para que sexan escoitados. Ademais vese claramente que non existe tanta liberdade coma se cre, xa que moitos países sufren a represión corporal e psíquica, habendo grandes enfrontamentos entre manifestantes e dicir traballadores que saen ás rúas a loitar polos seus dereitos.


O goberno quere xustificar os seus erros cas melloras sociais, coma son as pensións, seguridade cidadá, etc...

Pero en cambio os países sufren un gran auxe do paro.

Os traballadores xa non están seguros dos seus empregos e tampouco da súa saúde.

Os sindicatos e o goberno, nunca estarán dacordo, xa có estado non busca o interés do traballador, se non unha mellora na situación social do país, sen ter en conta as consecuencias que trae consigo.

- ROBERTO DORADO, número 1.**
- ROSA MARIA ALONSO, número 6.**
- INMA ANDRES, número 7.**
- EDUARDO ATANES, número 9.**
- BAHIA JOSE MANUEL, número 10.**
- MARIA DEL CARMEN BARGE, número 11.**



Primeira publicación do Servicio Municipal de Edu

AA.VV." Celso Emilio na escola. Ed. Servicio Municipal de Educación. Concello de Ourense, 1989.

Como comenzo de unha nova e prometedora actuación do Servicio Municipal de Educación do Concello de Ourense, acaba de aparecer este libro que pretende ser o primeiro de unha colección de materiais e apoio ó profesorado.

Adicado a Celso Emilio Ferreiro, aparece formulado como unha proposta de actividades para E.X.B. nos seus tres ciclos, preescolar e ciclo inicial, ciclo medio e ciclo superior. Alonxado dos recetarios a que nos ten acostumbrados este tipo de publicacións, tratase dun suxerente material de apoio con un eficaz e coidado deseño de Xosé Lois Vázquez e

debuxos de Plácido Bembibre de gran eficacia expresiva no soporte de uns elaborados textos a cargo dos coordinadores dos Centros de Recursos de Ourense: Bembibre, Cid Galante, Garrido Martínez, López Pérez e Losada Laxe, que unha vez mais dan proba de unha calada pero meritoria labor desgraciadamente pouco comprendida e valorada.

Non se trata pois da tan manida unidade didáctica para o "Día das Letras Galegas", senon pola contra ofrece un tratamento moi serio e elaborado dun material de gran utilidade para os mestres/as e sobre todo de gran utilidade na aula, na medida en que situa ó profesor/a como axente activo na súa utilización.

E
mai
nun
inst
par
de
C
que
apa
cali
cán
me
Dei

A educación vial no ciclo superior

O currículo disciplinar e o currículo globalizado

O considera-la Educación Vial nas súas dúas vertentes: de adquisición de hábitos de comportamento e de aprendizaxe de normas e regras conducentes ó sentido vial, encóntrase integrada esta disciplina na área de experiencias e mais concretamente na área de ciencias sociais dentro do programa de educación ética e cívica, aprobado pola Orde Ministerial do 6 de Outubro de 1978.

(Orde de 18 de Febreiro de 1980 sobre a incorporación da Educación Vial ós niveis de Educación Preescolar e Educación Xeral Básica).

Non é preciso remontarse a textos legais anteriores para senti-la preocupación que o ensino da Educación Vial tuvo nas autoridades educativas, nembargantes, problemas internos dentro da institución docente como: o constituir o currículo dun modo totalmente disciplinar; o carecer dunha metodoloxía e recursos adecuados; outros factores alleos a ela como, a esixencia tácita por parte dos pais de esixir a institución docente uns coñecementos instrumentais que faciliten a adquisición posterior dun título, levaron a Educación Vial, no mellor dos casos, a ser considerada como una "María" ou unha actividade complementaria da que se podía prescindir.

Así encontrámonos que a Educación Vial está recollida nunha unidade temática dentro do programa de Ciencias Sociais, na subárea de Educación Cívica i Ética.

Partindo do suposto de que esas unidades se impartan polos profesores, non podemos deixar de plantexarnos a eficacia de dito ensino.

Tomemos como exemplo un dos obxectivos Xerais que se recolle en dúas unidades, una en 6º curso e outra en 7º.

Obxectivos

"Desenrolar no alumno o sentido da responsabilidade referido á condución da bicicleta e o ciclomotor e crear nel conciencia dos perigos que pode supoñer; que o mesmo tempo coñeza as normas e sinais referentes á circulación de tales vehículos".

¿Sería posible recoller en dúas horas de clase, ó cabo de dous anos, tódolos contidos implícitos nese obxectivo xeral?

Contidos coma os que corresponderían entre outros a: circular pola dereita, pola cidade, na carretera, cambios de sentido, xiros, circulación nocturna, sinalización, normas e prohibicións comúns, velocidade adaptable ó tráfico, ó pavimento, ó tipo da vía, as condicións atmosféricas, tempo de frenada, tempos de detención e reacción, coñecementos motri-

ces de ambos vehículos, coñecemento dos elementos das bicicletas e ciclomotores para a súa conservación.

E se aínda fora posible recoller todos eses tidos, ¿Non nos estaríamos esquecendo da importancia que ten dentro da Educación Vial outros aspectos coma os que corresponde á vertente ética e cívica que caracteriza a un comportamento correcto no uso das vías? ¿Non estaríamos esquecendo aspectos coma a importancia dunha infraestrutura (carreteras e medios de transporte)? ¿Non constitúe un importante aspecto dentro da Educación Vial, preparar ó alumno para que poida enfrentarse con espírito crítico ó mundo da propaganda que lle incitará a usar un determinado vehículo? ¿Non sería Educación Vial que ó alumno coñecese, cómo, onde e quen son os que sofren os accidentes para que partindo destes coñecementos nun día vindeiro poida influir no seu medio social?

Aínda se nos apoiamos noutros recursos coma os medios audiovisuais, ¿Acadaríamo-lo noso obxectivo se unha vez ó ano lles proxectamos un vídeo ou unha colección de diapositivas que recollan tódolos contidos propios deste ciclo? ¿Internalizaría o alumno esa serie de coñecementos? ¿Non se produciría unha diminución da atención o longo da dita proxección que o alumno pode considerar como unha actividade que non se "suspende" e que se leva a cabo unha vez ó ano?

O tráfico constitúe un fenómeno complexo, o seu coñecemento (non esquecemos que o alumno deste ciclo é xa un conductor de bicicletas e ciclomotores), implica a posta en marcha de numerosas destrezas e habilidades, a parte de haber adquirido unha certa madurez, tanto nos aspectos físicos coma psíquicos.

En consecuencia, para alcanzar tanto esa madurez coma o repertorio de coñecementos necesarios, precísase algo máis ca unha lección ocasional sobre os sinais de tráfico.

Non é este o lugar para enumerar unha larga ristra de datos e feitos que demostran a incidencia do tráfico na sociedade moderna, non só dende o punto de vista da seguridade vial, senon dende outros como a economía, a industria o urbanismo, a forma de vida, o ben-estar social, o espírito cívico dunha comunidade, os servizos públicos, etc.

Polo tanto, insistimos de novo, nun ensino da Educación Vial baseada nun repertorio de normas e sinais e unhas recomendacións moitas veces "defensivas", si ben son totalmente necesarias e imprescindibles, non sería abondo para que o alumno com-

prenda en toda a súa extensión un fenómeno tan complexo como é o tráfico e que tan decisivamente inflúe na vida cotiá de calquera grupo social.

O alumno do Ciclo Superior xa posúe unhas características psicolóxicas que lle permiten investigar e enfrentarse ó feito do tráfico dende os diferentes puntos de vista que os seus coñecementos lle permitan e non limitarse á simple memorización dalgunhas normas e sinais do Código da Circulación.

En consecuencia, plantexamo-la posibilidade de dirixir-lo proceso ensino-aprendizaxe da Educación dende o punto de vista interdisciplinar ou centralizado acorde co seguinte esquema:



A forma máis xeral de organiza-lo currículo acostumbra se-la disciplinar, e decí, en asignaturas, nas que os contidos están illados uns dos outros, sen relación algunha e constituindo un marco de referencia na que o grado de control dos profesores e alumnos sobre o deseño o desenvolvemento do currículo é mínimo. Non dispoñen dun marxe de opcións posibles entre as que decidir, producíndose un coñecemento descentralizado da realidade e coa única finalidade supera-las barreiras "consideradas necesarias" para pasar ó curso superior.

Agora ben, se partimos do currículo globalizado, a Ciencia presentará un carácter unitario, integrado, considerada como un todo e non fragmentado en múltiples disciplinas. É importante iniciar ós alumnos no coñecemento do mundo que lles rodea, proporcionándolle-os métodos do tratamento científico, á vez que se suscitan actitudes e medios para criticar e resolve-las situacións problemáticas. Deste xeito achegaríamo-lo alumno a unha realidade que será a que guíe os seus intereses, conseguindo que considere útiles e válidos os coñecementos que a escola lle transmite e él mesmo descubra e xustifique a necesidade de prudencia e respecto que require unha correcta conducta viaria.

REYES HERNANDEZ VITORES
Coordinadora de Educación Vial
Xefatura Provincial de Tráfico.

Educación

En definitiva, unha boa selección de textos, con un máis que correcto tratamento didáctico apoiados nun deseño e grafía que fan deste material un valioso instrumento, tanto para a súa utilización no ameto para o que se concibe, como polo que pode servir de exemplo para posteriores traballos deste tipo.

Coa esperanza de que non sexa o último, só nos queda alegrarnos de que no panorama da nosa terra aparezcan por fin publicacións con este nivel de calidade, claro exponente do que se pode lograr cando a profesionais capacitados se lles dan os medios necesarios para o desenrolo da súa labor. Deica o seguinte.

DAVID CORTON

Opinión persoal

Non so se debían unificar os sindicatos senón que todos os pobos do mundo, todo é traballador, dende a cúpula do goberno ata o labrego máis humilde por iso dicimos que non so se deben unir os sindicatos senón todo o pobo que é obreiro. Non ten que existir trabas, tanto políticas como represivas, de todos o 1º de Maio ten que ser a festa mundial, non ten que molestar á os gobernos de todolos países que critiquen os seus erros xa que é a sí como se aprende algo, non se deben molestar xa que todos temos erros, **somos humans.**

Esta manifestación do mundo obreiro, ten que concurrir de modo pacífico, xa que a violencia demostrou que non se consegue nada.

Debense olvidar as antigas diferencias entre o

patrón e o obreiro, o do sindicato X có do sindicato Y, vaise a esa manifestación non só a reivindicar senón que aí que ir a unha festa donde todos somos irmans. Non se deben cortar as manifestacións do 1º de Maio, como en algúns países, coa policía, con gases lacrimógenos, con represións que non chegan a nada, xa que vale a vontade do pobo.

O 1º de Maio, ten que ser o día en que non mande o patrón senón que mande o mundo obreiro que xa lle chegou bastante os 364 días que ten que traballar. Non só o 1º de Maio ten que se conformar con ser unha manifestación a parte diso ten que ser unha **festa** a prol do mundo obreiro e da Paz.

HIGINIO, OTERO, NESTOR, VICTOR, NORBERTO

TIRA

Apoios económicos aos MRPs Galegos


A Coordinadora Galega de MRPs está formada polos oito MRPs reconhecidos como tais nos "encontros" anuais celebrados até o momento no Estado Espanhol. Porque defendem o modelo de escola pública, porque organizan escolas de verán, porque organizan actividades durante o curso de renovación pedagóxica para o profesorado e porque publican materiais didácticos de apoio para o ensino (o libro de texto non se considera material válido pedagógicamente). Os oito MRPs galegos actuais são: Nova Escola Galega, Escola Viva, ASPG, Escola de Verano de Galiza, Escola de Verano de Lugo, Assoc. Pedagógica Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal, ASPGP e Escola de Verano-Universidade Popular de Corcubióm.

Desde o Encontro estatal de MRPs, celebrado em março de 1983 en Salamanca, este tipo de colectivos de profesores, peculiar no noso país, pois non se dá em outros estados europeos, por decisión do ministro Maravall, que encerrara aquel encontro, nos orçamentos do Estado figura todos os anos uma partida destinada aos MRPs -os catalães, já vinham tendo ajudas antes- que se reparte por comunidades autónomas em razão ao número de profesores de primária e secundaria das mesmas. A Galiza correspondé-lhe cada ano uma quantidade aproximada a nove millóns de ptas. que é repartida pola Consellaría de Educación entre os MRPs e outros colectivos para organizar escolas de verán e actividades durante o curso. Isto provocou em algum caso diversas e graves discriminações. O caso mais claro foi quando a Consellaría de M. Jesús Sainz lle retirou ás Jornadas do Ensino de Ourense o seu subsidio, seis meses despois de celebrada a actividade, e de ter a mesma un grande éxito.

Com a Consellaría actual, tanto com Suárez Vence como com Aniceto Núñez, se têm dado un salto qualitativo, pois por primeira vez representantes dos MRPs galegos participaron na comissão de reparto dos subsidios e do dinheiro que aporta o MEC e que é finalista (non se pode utilizar em outro tipo de actividades). Ainda assim seguem a producir-se discriminações. Curiosamente, os únicos MRPs reintegracionistas lingüísticamente -ASPGP e AP-Jornadas do Ensino- a estas alturas non tem cobrado os seus subsidios. Quando todos os demais já os cobraram faz certo tempo e alguns tardaom em justificá-los.

Um grave fallo é o de conceder ajudas com cargo a esta cantidades do MEC a sindicatos -nomeadamente SGTE e CXTG- que non são MRPs, nem loitaran no seu dia diante de Maravall por lograr tais ajudas. E ademais têm, por outras vias diferentes ás dos MRPs, substanciosas ajudas, que por lei lhes correspondem. Por esta razón, e em boa ética, FE-

GARABULLIÑO



TE-UGT, CC.OO. e INTG, non solicitaram este tipo de subsidios, que reconhecem são exclusivamente para os MRPs.

O que faz falta agora são duas cousas: negociar diante da Consellaría de Educación para que a comunidade acrescente a quantidade que manda todos os anos o MEC -tal como jha fazem en Catalunya e Euskadi- e que non se discrimine a nenhum MRP da coordinadora galega na concessão e pagamento dos subsidios, por razóns de lingua ou de ideología. Para que assim se cumpla a Constitución Espanhola.

JOSE PAZ RODRIGUEZ
(Presidente da ASPGP)

LIBRO

Técnicas e xogos cooperativos para toda-las idades

Xesús Rodríguez Jares. Editorial Via Láctea/ Nova Escola Galega. 1989

Cada vez é mais frecuente atopar voces críticas coa desenfadada competitividade que está a xerar o sistema social no que vivimos. Na actualidade, tanto no conxunto da sociedade como no sistema educativo, existe a creencia de que a competitividade é un elemento imprescindible, mesmo innato para o desenvolvemento do ser humano. Así, ceñíndonos o mundo escolar, a competitividade é considerada como un elemento motivador en si mesmo, e, polo tanto, necesario pedagógicamente.

O libro de Xesús R. Jares, **Técnicas e Xogos Cooperativos para toda-las idades**, pretende cuestionar este estado de cousas pero, a diferenza de outros planteamentos máis teóricos, faino desde a súa experiencia escolar e aportando un amplísimo abano de técnicas e xogos que facilitarán o labor de aprender a cooperar en lugar de competir; a participar en lugar de eliminar; a compartir en lugar de excluir; a ter confianza en lugar de inseguridade; a autoapreciarse e apreciar ós demais en lugar de descalificar. En definitiva, como sinala o autor, trátase de técnicas e xogos cooperativos para cambiar a cultura do menosprecio por unha cultura da afirmación e da participación. En outras palabras, técnicas e xogos para construír iso que chamamos unha cultura de paz.

Ademais dos valores e vantaxes educativas que presentan os xogos cooperativos, o libro fai fincapé na importancia do xogo, tanto nos seus aspectos psicoevolutivos como nos puramente lúdicos. Para o autor, se un dos obxectivos da educación ten que ser o de formar persoas felices, non cabe dúbida que o xogo é un dos elementos insoslaibables para tal fin. De aquí a importancia do xogo para toda-las idades, e non só, como as veces se pensa, para os mais pequenos. Agora ben, desde a filosofía na que se enmarca o libro, non valen calquer tipo de xogo. Como se sinala, os xogos tampouco son neutrais, presentan e desenvolven uns determinados valores. De aquí que as técnicas e xogos aquí reunidos toman partido polos valores propios dunha cultura de paz: a comunicación, a reciprocidade, a distensión, a empatía, a cooperación, a solidariedade.

A estrutura do libro vértase en torno a idea de profundizar na cohesión, comunicación e cooperación das persoas que forman un grupo determinado. Consta de oito capítulos, cada un con vinte xogos, comenzando polos xogos de presentación como paso previo a toda comunicación, para logo ir avanzando nesa comunicación a través dos xogos de conocimiento, de afirmación, de confianza, de comunicación e de cooperación. O libro complétase cos dous capítulos restantes, os xogos de distensión característica común a práctica totalidade dos xogos que se presentan pero que o autor quixo reunirlos neste capítulo cun afán didáctico; e os xogos que utilizan un material realmente inusual e non especificamente educativo pero que, polo que se lee, ofrece múltiples posibilidades lúdicas e comunicativas: o paracaídas (e non é broma). Son vinte xogos -de presentación, comunicación, cooperación, distensión-, que teñen en común o feito de utilizar un paracaídas como material de xogo.

En conclusión, trátase dun libro fundamentalmente práctico e útil para todos aqueles que teñen algo que ver coa educación e en xeral cos grupos humanos: profesores de todo-os niveis educativos; animadores de tempo libre; monitores de asociacións de veciños, de asociacións de pais; etc.

NOVAS

Grupo de Teatro no I.B. "Otero Pedrayo. Este grupo de nome "Antitodo" fai unha adaptación do relato cómico de Edgar Allan Poe "El sistema del doctor Brea y el doctor Pluma. Está composto por 11 bós estudantes do Instituto e agardamos estar informados das suas actuacións para asistir.

-Para elaborar un número final no mes de xuño cos **programas das escolas de Vran**, invitamos a todos MRPs e outros colectivos para que nos fagan chegar as suas propostas canto antes.

-Presentación do libro **Técnicas e xogos cooperativos para todas as idades**, do que é autor Xesús R. Jares, coordinador do grupo de Educadores pola Paz de NEG. **O Venres, ás 8 da tarde no Ateneo.**

-Con motivo das **Letras Galegas**, a Asociación Martín Sarmiento e o Sindicato Galego do Ensino e a investigación (SGEI-CXTG) elaborou unha **unidade didáctica sobre Celso Emilio Ferreiro, e a sua terra de Celanova.** Pasado o día... ten que seguir entre nós.

NA ESCOLA

Suplemento do ensino de
La Región (Ourense).

Consello de pedagogos asesores:
Xosé Manuel Cid
(coordinador)
Mercedes Suárez Pazos
Mariló Candedo
Mercedes González Sanmamed
Manolita Garrido
David Cortón

Colabora:

Nova Escola Galega

Maqueta:

Departamento de diseño
de **La Región.**

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

